



Confederación Intersindical Galega

ADMINISTRACIÓN ESTADO



Contacto para ampliar información

Gonzalo Méndez - CIG Administración Xeral do Estado
gonzalo.cigadmon@gmail.com - 677638868

A AESIA CONTRATA PERSOAL RETRIBUÍDO CON MÁIS DE 90.000€ CON PROCEDEMENTOS MENOS ESIXENTES QUE OS DO PERSOAL AUXILIAR ADMINISTRATIVO

CIG-Administración Pública denuncia irregularidades na contratación do persoal da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial, na que prima a designación de postos “a dedo” e a contratación de persoal fóra do convenio.

CIG-Administración Pública denuncia os procedementos irregulares cos que se está a dotar de persoal á Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) con sede na cidade da Coruña. Na actualidade, **todo o persoal que traballa neste organismo foi designado mediante procedementos extraordinarios, totalmente arbitrarios, en lugar dos recollidos pola lexislación.** Mais as primeiras convocatorias públicas apuntan a que as irregularidades nos procedementos de provisión de persoal neste organismo non fixeron máis que comezar...

Salarios de máis de 90.000€ cunha oposición de 9 temas

A AESIA vén de publicar a convocatoria para a contratación de 9 postos de persoal laboral fixo e 10 postos de persoal laboral temporal, todos eles fóra da cobertura do Convenio Único para o persoal da Administración do Estado, o que entre outras cuestións deixa aberta a porta a que as retribucións sexan as que o propio organismo determine. No caso destas convocatorias a **AESIA pretende contratar persoal con retribucións que alcanzan os 91.800€ anuais a través de procedementos de concurso-oposición nos que esixen o coñecemento dun programa de 9 temas** de carácter xeral, mentres que o persoal laboral de auxilio administrativo adoita ter programas de oposición con un mínimo de 10 temas para postos que non chegan a ter unha cuarta parte das retribucións que pagará a AESIA. **Oposicións de persoal funcionario ou persoal laboral dentro do convenio de categoría semellante conlevan como mínimo a preparación de 65 temas e pode chegar a superar os 100.** A AESIA incumpe así a lexislación ao non cumprir cunha adecuación entre o contido do proceso selectivo e as funcións ou tarefas a desenvolver polo persoal.

Varios dos postos ofertados poderían ser cubertos por persoal funcionario ou persoal laboral dentro das categorías profesionais que recolle o Convenio, polo que a súa convocatoria a través do mecanismo proposto non fai máis que acrecentar o **escurantismo e a falta de transparencia coa que se están a desenvolver os procedementos de dotación de persoal na AESIA.** Sirva como exemplo que o 20% da puntuación nas fases de concurso queda aberta á arbitrariedade da valoración do tribunal nunha entrevista persoal coas persoas candidatas.

CIG-Administración reclama procesos abertos e transparentes para dotar a AESIA de persoal, respectando os principios básicos de igualdade, mérito e capacidade e sen agravios comparativos co resto das traballadoras da Administración do Estado.

Denuncia do Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza

CIG-Administración Pública súmase ao rexeitamento pronunciado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza respecto da convocatoria para a praza de Asesor/a de Comunicación que admite persoas candidatas sen titulación en estudos de comunicación para un posto que será retribuído con 91.800€ anuais.